

Condicións xerais para a utilización do servizo de atención personalizada do portal Web, como medio de comunicación entre a cidadanía e o Concello de Oleiros

1. OBXECTO

O obxecto de establecer estas condicións é a aceptación previa das mesmas por parte do cidadá ou das persoas xurídicas interesadas, para a utilización de procedementos informáticos como medio de comunicación que lles permitirá:

- O acceso e uso de información persoal de que dispón o Concello de Oleiros sobre as persoas físicas e/ou xurídicas que formalicen os trámites que a continuación se detallan.
- Realizar operacións e/ou trámites administrativos e aqueles que progresivamente o Concello vaia incorporando a este servizo.

2. SEGURIDADE

Para que poida acceder ás operacións que se ofrezan e estean dispoñibles o acceso a este servizo está limitado polo Concello:

- Cun código de usuario/a e por unha clave de acceso que se lle facilitará ao cidadán, cidadá ou empresa que os solicite.
- Identificación mediante DNI electrónico (DNI-e) ou Certificado Dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre ou outras entidades certificadoras que o Concello de Oleiros vaia incorporando.

O código de usuario/a e a clave de acceso facilitaranse con carácter estritamente persoal e de acordo coas instrucións de uso do servizo. Por razóns de seguridade, será o Concello quen estableza a secuencia dos datos identificativos necesarios para o acceso.

O Concello poderá facilitar, se o considera axeitado, programas e dispositivos necesarios para o funcionamento e a seguridade do servizo.

O cidadán ou cidadá acepta equiparar o código de usuario/a e a clave de acceso coa sinatura do titular.

O cidadán ou cidadá que acceda mediante DNI-e ou Certificado Dixital, deberá aceptar expresamente estas condicións xerais, antes de poder utilizar o servizo. O cidadán ou cidadá comprométese a non facilitar o código de usuario/a, a clave, o certificado de acceso e a sinatura autorizada a persoas que non teñan un poder específico. En caso de non cumprimento deste compromiso, a cidadá ou cidadán asumirá as posibles responsabilidades derivadas das súas actuacións.

O Concello resérvase a potestade de non executar aquelas ordes que susciten dúbidas razoables sobre a identidade das persoas que as emitan.

3. CONEXIÓN

Poderán acceder á operativa deste servizo todos os cidadáns e cidadás que teñan relación co Concello, así como, no seu caso, as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Sexan maiores de idade (en persoas físicas).
- Dispoñan de plena capacidade xurídica para actuar.
- Coñezan e amosen a súa conformidade o presente prego de condicións para a utilización do servizo, por si mesmos ou a través do seu representante ou apoderado debidamente autorizado para estes efectos, co cal obterá o código de usuario e a clave de acceso.

As ordes transmitidas, poderán ser efectivas a partir do momento en que sexan recibidas polo Concello, quen queda autorizado, pero non obrigado, a aceptalas.

Correrán a cargo dos solicitantes os elementos necesarios para facer posible a comunicación co Concello e tamén o custo que comporte o mantemento e a utilización desta comunicación.

4. AMPLIACIÓNS DO SERVIZO

O servizo poderá incorporar progresivamente novas prestacións que amplíen a operativa entre solicitante e o Concello.

5. OBRIGAS

O cidadán ou cidadá aceptará a utilización do servizo nas condicións e segundo a normativa establecida polo Concello, e comprométese a cumprir e respectar as normas sobre comunicacións que este determine.

O intercambio de información e ordes a través deste servizo ten a mesma validez que a entrega de impresos e documentos asinados de propia man e que, en caso de discrepancia entre os datos e extractos indicados en papel, prevaleza a información impresa en papel.

O Concello non se responsabilizará das omisións, erros, perdas de información, vulneración da confidencialidade e/ou acceso indebido á información ou aos datos persoais causados por problemas técnicos da comunicación, non imputables ao Concello, ou debidos a deficiencias ou fallos de seguridade nas redes de comunicacións non controladas por este; e en xeral, os orixinados por causas de forza maior ou polo uso indebido da clave de acceso por terceiras persoas non autorizadas.

O cidadán ou cidadá comprométese a:

- Manter en segredo o código de usuario/a e a clave de acceso.
- Acreditar os datos que lle sexan solicitados para a utilización do servizo e confirmar, até por escrito, as ordes transmitidas cando o requira o Concello por medidas de protección, en defensa da confidencialidade e da seguridade do sistema, ou por imperativo legal.
- Informar inmediatamente ao Concello en casos de perda, subtracción, uso ou coñecemento indebido por parte de terceiras persoas do código e/ou da clave.
- Comunicarlle ao Concello, a través de calquera medio axustado a dereito, a modificación dos datos do medio técnico utilizado para a recepción de información, ou das características das informacións que lle afectan.
- Comunicar ao Concello calquera circunstancia que poida afectar ao bo funcionamento do servizo.

- Manter e utilizar correctamente os programas e dispositivos que, no seu caso, lle foran entregados, non podendo ser obxecto de ningún xeito de copia nin alteración ou manipulación e que deberán devolver ao Concello ao finalizar o presente convenio de utilización do servizo.
- Responder dos danos e perdas que poida ocasionar co mal uso da súa conexión.
- Responder persoalmente, ou a través dos seus apoderados ou representantes, se é o caso, de danos e perdas que poida ocasionar polo incumprimento das obrigas antes detalladas.

6. DURACIÓN/RESCISIÓN

A duración deste acordo é por tempo indefinido, a condición de que o usuario o considere así. O Concello de Oleiros resérvase a potestade de rescindir este acordo ou de refacer un novo cando o usuario non cumpra as cláusulas que nel se especifican.

Tanto o usuario como o Concello de Oleiros poderán rescindilo de mutuo acordo ou de maneira unilateral por calquera das dúas partes, previa comunicación escrita.

Todas as operacións ordenadas con anterioridade á rescisión, terán valor legal e vixencia até a total finalización dos trámites destas.

O Concello de Oleiros poderá interromper a prestación do servizo, temporal ou definitivamente, en caso de producirse modificacións relevantes na situación dos contribuíntes ou titulares do servizo, ou se observa incumprimento das normas de uso do mesmo.

O Concello de Oleiros resérvase o dereito de modificar as condicións do servizo, o período, e os procedementos técnicos de identificación e validación dos datos transmitidos, de acordo coas súas necesidades.

A non aceptación destas modificacións por parte dos titulares do servizo suporá a rescisión anticipada do servizo obxecto da presente normativa.

7. DOMICILIO PARA AS COMUNICACIÓNS

Os/as titulares do servizo indicarán como domicilio para os requirimentos, notificacións, etc., o domicilio que figura neste documento, e calquera modificación posterior deberá ser comunicada ao Concello de forma fidedigna.

8. L.O. 15/1999, DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo co que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que nos facilite serán incorporados a un ficheiro de titularidade municipal cuxa finalidade é a xestión e control de usuarios da plataforma de administración electrónica. Poderán exercer gratuitamente o dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito, acompañado de fotocopia do DNI ou documento equivalente, que poderá ser presentado no Rexistro do Concello, enviado a Concello de Oleiros, Praza de Galicia S/N, 15.173 - Oleiros, á dirección de correo electrónico soportecc@oleiros.org ou ó Fax nº 981 648 118.

Declaro expresamente coñecer e aceptar as condicións establecidas en este prego aprobado pola Alcaldía por resolución 67/2011 de 13 de xaneiro de 2011, o que asino de conformidade en Oleiros a ___ de _____ de 20__

| Apoderado ou representante acreditado | Persoa física ou Xurídica |
|---------------------------------------|--------------------------------|
| Nome: _____ | Nome: _____ |
| NIF _____ Tlf _____ | NIF _____ Tlf _____ |
| Domicilio: Rúa/ _____ Nº _____ | Domicilio: Rúa/ _____ Nº _____ |
| Concello _____ CP _____ | Concello _____ CP _____ |
| Enderezo electrónico: | Enderezo electrónico: |
| Asinado | Asinado |

Notas:

- 1- O PIN será retirado persoalmente polo usuario nas oficinas de atención Cidadá do Concello, Praza de Galicia 1, Oleiros, presentando a aceptación das condicións establecidas e acreditación suficiente.
- 2- No caso de proceder mediante apoderado ou representante deberá facer valer dita acreditación mediante fedatario público ou na Secretaria Xeral do Concello.

Comprobada a acreditación esta é conforme:

Asinado:

O Funcionario